

Teresa Moure gaña o Ramón Piñeiro co ensaio *Queer-emos un mundo novo*

A escritora recibe o galardón na súa undécima edición por unha obra na que reflexiona sobre as formas de incluír ás mulleres na linguaxe e a literatura, "moitas veces por compromiso"

Noelia Díaz | A Coruña 29-12-11

A escritora Teresa Moure é a gañadora do premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2011 coa súa obra *Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*. Como era de esperar, tras coñecer a noticia a autora amosouse moi compracida polo galardón, e apuntou que a alegría de recibilo era dobre: "O ensaio é o xenero literario en galego que necesita máis voz, e que se defendan ideas nesta fórmula indica o nivel de madurez da nosa narrativa, por iso este premio val moito para min, por ser conseguido grazas a un ensaio".

O ensaio premiado nesta undécima edición do premio, dotado con 6.000 euros e que será publicado por Editorial Galaxia o ano que vén, foi escollido entre doce orixinais presentados, e realiza unha aproximación á literatura galega desde as teorías queer, a través dunha reflexión que trascende o literario e ten un claro potencial para incidir no debate social en Galicia.

Ademais, na obra, segundo explicou Moure (Mondoñedo, 1969), arguméntase sobre esas fórmulas utilizadas a miúdo nos actos públicos como "boas tardes a todos e a todas", coas que "se menciona ás mulleres por cumprir, sen un afán transformador, sen pretender que a situación actual cambie". A lingüista considera que, "a pesar da necesidade de nomear ás mulleres, que foron invisibilizadas historicamente, esa fórmula e moitas outras son insatisfactorias", porque son un mero compromiso.

"Eses que din boas tardes a todos e a todas, despois falan en masculino; no libro apporto algunhas alternativas para mellorar este aspecto, porque nestes momentos o feminismo non está limitado ás mulleres e a min gústame máis falar de xénero, como categoría que atravesa a todas as persoas", dixo a autora, que aposta por fórmulas como a arroba e o asterisco, para englobar tanto a mulleres como a homes cunha soa palabra.

"A literatura galega é tamén queer, non é nin boi nin vaca, senón que trascende todas esas divisións", sinalou Teresa Moure, que lembrou que o subtítulo do ensaio –Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións– fai referencia a ese rechazo das etiquetas e das categorías, "que eliminan a liberdade".

O ensaio de Moure, que se presentou co pseudónimo de Ramón Agrelo –"sempre está ben preservar a identidade, dacordo coa idea que se transmite no libro, de non clasificar", comentou–, foi premiado por maioría por un xurado formado por Ernesto González Seoane,

María López Sáñez, Susana Reboreda Morillo, Anxo Tarrío Varela e Carlos Lema, que destacou a calidade dos doce orixinais presentados e a variedade de temas.

Moure, profesora na facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, valora positivamente o premio Ramón Piñeiro polo seu uso do galego "nun momento no que a nosa lingua está sendo machacada desde a Administración e o Goberno". "Moitas persoas estamos mobilizándonos na súa defensa e formamos a plataforma Queremos Galego; este galardón serve para demostrar que o ensaio en galego segue existindo e hai persoas que queren lelo", apuntou a autora de Herba moura, que considera o premio "un recoñecemento a todo un colectivo que está loitando polo galego".